

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de decembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para parcelamento da parcela K1.2 con referencia catastral 8066702PD1686n0001MM do parque Empresarial as Gándaras en dúas parcelas, denominadas K1.2 e K1.2.2. (expte:2021/Y005/000015); para construción dunha instalación de distribución a polo miúdo de produtos petrolíferos, en réxime desatendido, con dous surtidores que contan cada un con dous dispensadores para gasóleo e dous para gasolina 95, na avda. Infanta Elena, número 206. (expte: 2021/Y001/000030) e para readaptación de edificio existente composto de planta baixa para accesos e dous locais sen actividade definida, dúas plantas altas e aproveitamento baixo cuberta destinado a 6 apartamentos turísticos e 3 vivendas de uso turístico con cambio de uso de residencial a hotelero (apartamentos e vivendas de uso turístico) en edificio exclusivo, con licenza de rehabilitación 82/19, sito na rúa San Pedro, número 9. (expte: 2021/Y001/000214).

Tamén se acorda a denegación da licenza urbanística para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar illada no núcleo rural de Ferreiros-Adai. (Expte: 86/2018).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a revisión de oficio do acordo nº 15/429 adoptado na Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria celebrada o día 16 de setembro de 2020 de transmisión da parcela M1-A, do sector Sur-K dunha superficie de 1.200 metros cadrados, en virtude do convenio urbanístico asinado entre este Concello e dita entidade en data 27 de setembro de 2001.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac217255227044067627.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-12-2021

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición interposto contra a acta da mesa de contratación de 14 de outubro de 2021 no expediente de contratación do servizo de vixilancia e control de accesos aos edificios públicos: Casa Consistorial en Praza Maior e Centro de Servizos Municipais en Rolda Muralla 197. Expte ref.2021/C003/000009.

Así mesmóm acórdase a adxudicación na contratación do servizo de vixilancia e control de accesos aos edificios públicos: Casa Consistorial en Praza Maior e Centro de Servizos Municipais en Rolda Muralla 197. Expte ref.2021/C003/000009.

3. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de técnico/a especialista tic e pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2018) Reservada discapacitados/as.

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a dúas prazas de oficial condutor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OPE 2018).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.